



CAMPAÑA DE ESQUI 2024

A Deputación a Coruña, outro ano máis, realiza unha campaña de esquí na estación invernal de Valgrande-Pajares (Asturias) para nenos de toda a provincia, nados nos anos 2008,2009, 2010, 2011 e 2012.

Ao nos concello concedéronlle **12 prazas** para rapaces empadroados en Cambre e nos corresponde a 1ª quenda: do **12 ao 15 de xaneiro de 2023**. Os participantes disfrutarán de catro días con aloxamento e manutención, ademais dos cursiños de esquí na estación Valgrande-Pajares (Asturias).

Cada participante abonará unha **cota de 85 euros**.

As preinscripción poderanse entregar no rexistro municipal do Concello (previa cita) ou a través da sede electrónica e o prazo de inscrición será **do 9 de novembro ao 1 de decembro**, ambos os dous incluídos.

No caso de recibir máis solicitudes que as prazas que temos concedidas, faremos un sorteo público, nas oficinas de Deportes o **11 de decembro ás 10.00**, onde terán preferencia os nenos e nenas que nunca asistirán as campañas da neve da Deputación.

Os carteis e dípticos da campaña estarán ao seu dispor na páxina web da Deputación no apartado de Deportes/Campaña da Neve.

Coa folla de inscrición acheguen toda a documentación que se solicita. Unha vez realizado o sorteo comunicaráselle aos seleccionados o número de conta para facer o ingreso da cota.

As solicitudes que non cumpran os requisitos, serán anuladas do sorteo automaticamente.

Atentos saúdos,

O concelleiro de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación

Diego Alcantarilla Rei